

GUÍA DE INFORMACIÓN BÁSICA DA ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O 3º TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Centro: 15014556. CIFP Coroso. Ribeira.

Familia profesional: Instalación e Mantemento.

Ciclo formativo: CMIMA01. Ciclo formativo de grao medio Instalacións Frigoríficas e de Climatización.

Réxime: Adultos

Módulo profesional: MP0043. Formación e Orientación Laboral.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE A ALCANZAR

-Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.

-Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.

-Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.

-Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Mínimos esixibles

Atendendo á necesidade de adaptar a programación respecto ao programado inicialmente para o presente curso escolar 2019/2020 tras a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os mínimos esixibles para superar o módulo serán os seguintes:

-Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

-Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

-Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

-Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.

-Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

-Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa súa titulación.

-Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

Sistema de cualificación

A avaliación final do módulo realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas no 1º e 2º trimestre, así como sobre as actividades de recuperación, reforzo e ampliación de aprendizaxes anteriores ao estado de alarma.

A nota final do módulo, para o alumnado que ten superadas a 1ª e 2ª avaliación, será a media aritmética da cualificación obtida na 1ª e 2ª avaliación, ás que se aplicaron os criterios establecidos na programación inicial.

Dita nota poderá verse incrementada en función da realización das actividades de reforzo e repaso plantexadas durante este 3º trimestre. As actividades poderán consistir en supostos prácticos sinxelos, elaboración de resumos, actividades do libro, cumprimentación de cuestionarios ou pequenos traballos de investigación relacionados cos contidos do módulo. Estas actividades serán cualificadas de 0 a 10 puntos.

A nota final calcularase atendendo ás seguintes porcentaxes:

- Nota media da 1ª e 2ª avaliacións: 80%. (Calculada atendendo ao establecido na programación inicial)

- Nota media das actividades de reforzo plantexadas durante o 3º trimestre: 20%.

As anteditas porcentaxes aplicaranse sempre que beneficien ao alumnado, tal e como se determina nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS

Para o alumnado con algunha avaliación pendente propóranse actividades de recuperación consistentes na presentación das tarefas, que ou ben, non foron realizadas ou entregadas no seu momento ou ben non estaban resoltas ou desenvolvidas de xeito correcto ou completo. En canto ao plantexamento de ditas actividades e ao seu contido, farase fincapé en que contribúan a lograr os resultados de aprendizaxe que non foron alcanzados nos dous primeiros trimestres, e que se consideran mínimos para alcanzar a avaliación positiva do módulo; sempre simplificando e facilitando a súa elaboración por parte do alumnado, co fin de motivar e animar ao alumnado para que siga coa súa formación.

A recuperación e avaliación positiva do módulo, para este alumnado, terá en conta o correcto desenvolvemento de ditas actividades, a asimilación dos contidos e a obtención dos resultados de aprendizaxe asociados a cada actividade proposta.

En canto ao **alumnado con PD** ofreceráselle a posibilidade de facer e entregar as tarefas de recuperación descritas anteriormente e poderá ser requirido para unha proba final do módulo, que poderá ser presencial ou telemática segundo sexa a evolución e as instrucións da Consellería de acordo á evolución da pandemia.

Non hai alumnado co módulo de FOL pendente doutros anos.

MEDIDAS DE REFORZO REPASO E AMPLIACIÓN DE CONTIDOS E APRENDIZAXES ANTERIORES AO ESTADO DE ALARMA.

O plan de actividades para o alumnado que ten superadas as dúas avaliacións, poderán consistir en supostos prácticos sinxelos, elaboración de resumos, cumprimentación de cuestionarios ou pequenos traballos de investigación que terán como obxectivo repasar, afianzar e profundizar nas aprendizaxes anteriores ao estado de alarma.

En todo caso, para aquel alumnado que xa teña superadas ámbalas súas avaliacións (1ª e 2ª) e polo tanto acadados con avaliación positiva os resultados de aprendizaxe traballados no dito período, pode propoñérselle avanzar na programación con actividades novas (as que estaban previstas na programación para a 3ª avaliación), pero baixo a condición de que unicamente serán tidas en conta na avaliación do alumnado afectado sempre que lle sexa favorable, non podendo ir en detrimento da cualificación xa acadada ou a que lle correspondería acadar co propio proceso de recuperación, reforzo e ampliación da materia que corresponde á fase de aprendizaxe presencial (ate a declaración do estado de alarma).

A súa cualificación terase en canto de acordo aos criterios establecidos no apartado c) de criterios de cualificación.